

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Conforme o establecido no artigo 22 da Orde do 6 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, unha vez ultimada a concesión de axudas, publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas, con indicación das entidades beneficiarias, contía e finalidade.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por Resolución do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea do 10 de xuño de 2015, de conformidade coa disposición adicional terceira da Orde do 6 de marzo de 2015 (DOG número 50, do 13 de marzo) para a execución de:

– 10 proxectos de educación para o desenvolvemento por un importe total de trescentos vinte un mil seiscientos cincuenta e un euros (321.651,00 €), nas contías, beneficiarios e finalidade que se relacionan no anexo I desta resolución.

– 5 proxectos para a consolidación e o fortalecemento de ONGD por un importe total de cento sete mil catrocentos setenta e cinco euros (107.475,00 €), nas contías, beneficiarios e finalidade que se relacionan no anexo II desta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2015

Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

CVE-DOG: 39ssyo07-puv3-jfy0-d1y7-d9rnr64vdk15





ANEXO I

Capítulo I: axudas a ONGD para proxectos de educación para o desenvolvemento

Nº expediente	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Coste total do proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2015	Anualidade 2016
PR 804 A 2015/22	Solidariedade Internacional de Galicia agrupada coa Universidade da Coruña	Investigando a dimensión global da educación para o desenvolvemento. Un proxecto piloto de investigación-acción colaborativa nun centro educativo de Galicia. Fase I	41.703,91	39.286,00	15.714,40	23.571,60
PR 804 A 2015/4	Fundación Entreculturas Fe y Alegría	Rede Solidaria da Mocidade: cidadanía global, empoderamento e participación para o cambio social dos grupos solidarios no curso 2015-2016	35.808,00	30.000,00	12.000,00	18.000,00
PR 804 A 2015/11	Asamblea de Cooperación por la Paz agrupada co Asociación Galega de Reporteiros Solidarios-Agareso	Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego	42.660,00	40.000,00	16.000,00	24.000,00
PR 804 A 2015/18	Fundación Ayuda en Acción agrupada con Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Fundación Educación y Cooperación-EDUCO, Fundación Taller de Solidaridad	Campaña mundial pola educación 2016 en Galicia	38.030,00	35.030,00	14.012,00	21.018,00
PR 804 A 2015/19	Enxeñería sen Fronteiras Galicia agrupada coa Universidade da Coruña, Laboratorio de Enxeñería Cartográfica-Cartolab	Proxecto de difusión da tecnoloxía para o desenvolvemento humano na comunidade educativa e profesional de base tecnolóxica e na sociedade galega en xeral 2015-2016	70.225,00	40.000,00	16.000,00	24.000,00
PR 804 A 2015/13	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios-Agareso	Fomento da conciencia social e a capacidade de comunicación crítica do colectivo adolescente dos municipios de Ames, Boiro, Navia de Suarna, Viana do Bolo e A Guarda.	31.581,00	29.981,00	11.992,40	17.988,60
PR 804 A 2015/7	Fundación Interred-Galicia	Educación comprometida co coidado da vida	33.136,36	30.000,00	12.000,00	18.000,00
PR 804 A 2015/8	Amigos da Terra Galicia-Xuventude agrupada con Fundación Oxfam Intermon e a Universidade de Vigo (Departamento Economía Aplicada)	Alternativas de alimentación para o desenvolvemento sustentable	24.120,00	19.870,00	7.948,00	11.922,00
PR 804 A 2015/2	Arquitectos sen Fronteiras	Proxecto de difusión do dereito ao hábitat e as súas dimensións transculturais e de xénero a través da sensibilización e a educación non formal na comunidade educativa da área metropolitana da Coruña	42.512,00	29.998,00	11.999,20	17.998,80





Nº expediente	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Coste total do proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2015	Anualidade 2016
PR 804 A 2015/16	Amarante Setem para o Ecodesenvolvemento	Achegar ferramentas innovadoras na formación e sensibilización sobre a feminización da pobreza no sector do téxtil e alternativas para un consumo responsable de roupa. Fase final	33.070,50	27.486,00	10.994,40	16.491,60
Total				321.651,00	128.660,40	192.990,60

ANEXO II
Capítulo II: axudas para a consolidación e o fortalecemento de ONGD

Nº expediente	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Coste total do proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2015	Anualidade 2016
PR 808 A 2015/2	Arquitectos sin Fronteras	Proxecto de consolidación de ASF-Galicia como un referente en materia de dereito ao hábitat	25.175,25	23.105,00	9.242,00	13.863,00
PR 808 A 2015/6	Fundación Entreculturas Fe y Alegría	Fortalecemento da implantación social da Fundación Entreculturas en Galicia (fase 1ª)	28.000,00	25.000,00	10.000,00	15.000,00
PR 808 A 2015/1	Implicad@s no desenvolvemento	Suma con Implicadas: tempo+coñecemento+fondos	31.572,36	24.997,00	9.998,80	14.998,20
PR 808 A 2015/10	Fundación Taller de Solidaridad	Fortalecemento da capacidade comercial da área de comercio xusto de Taller de Solidaridade	11.363,00	9.724,00	9.724,00	-----
PR 808 A 2015/7	Médicos del Mundo	Fortalecemento da área de comunicación externa e interna a través da mellora da formación e a participación da base social de Médicos do Mundo en Galicia	27.829,03	24.649,00	9.859,60	14.789,40
Total				107.475,00	48.824,40	58.650,60